



## Concello A Guarda

---

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 29 DE XUÑO DE 2017.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas do día vinte e nove de xuño de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

**Asiste como Secretario acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

#### **PUNTO 1.- EXPEDIENTE 1405/2017.- SUBVENCIÓN SOLICITADA A OUTRA ADMINISTRACIÓN.**

---

##### PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vistas as bases de subvencións da Deputación Provincial para a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico cultural dirixidas e Concellos da provincia de Pontevedra - ano 2017 (BOPPO de 1 de xuño de 2017) e,

Vista a memoria descritiva e proxecto para o acondicionamento da chimenea das Cachadas no que se fundamentan e se detallan as actuacións a levar a cabo,

Propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Solicitar unha subvención ó abeiro destas bases para a realización do proxecto de sinalización e acondicionamento do entornoda chimenea das Cachadas segundo a memoria descritiva presentada.

A Xunta de Goberno Local acorda,por unanimidade, aprobar a proposta nos termos en que foi redactada.

#### **PUNTO 2.- EXPEDIENTE 1398/2017.- SUBVENCIÓN SOLICITADA A OUTRA ADMINISTRACIÓN**

---

##### PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a Resolución do 18 de maio de 2017 polo que se aproban as normas para a xestión do procedemento de concesión directa das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte



## Concello A Guarda

ACORDO:

Aprobar a participación do Concello da Guarda no Plan de Mellora dos camiños municipais 2017-2018.

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta nos termos en que foi redactada.

### **PUNTO 3.- EXPEDIENTE 1402/2017.- PROPOSTA DE ACORDO SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO CIM**

#### PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a resolución do 16 de xuño de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2017,

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Solicitar a mencionada subvención coas seguintes características:

1.- Solicitar axudas do Programa de prevención da violencia de xénero e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria de acordo co seguinte cadro:

Acción	Total custos directos de persoal	Contía solicitada
Intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero(V.VX) Denominación: Interv. Integral a menores fillos e fillas de mulleres V.VX	6.000,00 €	5.640,00 €

2.- Solicitar axudas do Programa de apoio aos CIM e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria de acordo co seguinte cadro:

Axuda solicitada	Contía solicitada		
	Do 1/04/2017 ao 30/11/2017	Do 1/12/2017 ao 31/03/2017	TOTAL
Subvención para os postos de dirección, asesoramento xurídico, atención psicolóxica	28.170,42 €	15.358,56€	43.528,98 €

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta nos termos en que foi redactada.



## Concello A Guarda

---

### **PUNTO 4.- EXPEDIENTE 1322/2017.- BONIFICACIÓN TASAS MUNICIPAIS**

---

PROPOSTA DE CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DO 50% DAS TAXAS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIRO

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de bonificación do 50% das taxas municipais e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 31 xaneiro do 2017, Dna. MARIA ANGELES ADROVER CIVIDANES presentou unha solicitude para a bonificación do 50% das taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca do cumprimento dos requisitos establecidos para ser beneficiario da bonificación nas taxas

Lexislación aplicable:

Ordenanza Municipal publicada no Boletín Oficial de Pontevedra o 29 de decembro do 2000

Informe- proposta de resolución:

Conceder a bonificación das taxas municipais por cumprir con todos os requisitos fixados na ordenanza municipal.

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta nos termos en que foi redactada.

### **PUNTO 5.- EXPEDIENTE 32/2017.- BONIFICACIÓN TASAS MUNICIPAIS**

---

PROPOSTA DE CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DO 50% DAS TAXAS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIRO

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de bonificación do 50% das taxas municipais e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 24 febreiro do 2017, Dna. JOSE ANGEL MARTÍNEZ GONZÁLEZ presentou unha solicitude para a bonificación do 50% das taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do



## Concello A Guarda

---

concello de A Guarda acerca do cumprimento dos requisitos establecidos para ser beneficiario da bonificación nas taxas

Lexislación aplicable:

Ordenanza Municipal publicada no Boletín Oficial de Pontevedra o 29 de decembro do 2000  
Informe- proposta de resolución:

Conceder a bonificación das taxas municipais por cumprir con todos os requisitos fixados na ordenanza municipal.

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta nos termos en que foi redactada

### **PUNTO 6.- EXPEDIENTE 1072/2017.- BONIFICACIÓN TASAS MUNICIPAIS**

---

PROPOSTA DE CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DO 50% DAS TAXAS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIRO

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de bonificación do 50% das taxas municipais e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución  
Antecedentes:

Primeiro: Con data 24 maio do 2017, Dna. MARIA CONCEPCIÓN ADROVER GONZÁLEZ presentou unha solicitude para a bonificación do 50% das taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca do cumprimento dos requisitos establecidos para ser beneficiario da bonificación nas taxas

Lexislación aplicable:

Ordenanza Municipal publicada no Boletín Oficial de Pontevedra o 29 de decembro do 2000  
Informe- proposta de resolución:

Conceder a bonificación das taxas municipais por cumprir con todos os requisitos fixados na ordenanza municipal.

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta nos termos en que foi redactada.

### **PUNTO 7.- EXPEDIENTE 729/2017.- BONIFICACIÓN TASAS MUNICIPAIS**

---

PROPOSTA DE CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DO 50% DAS TAXAS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIRO

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS



## Concello A Guarda

---

### COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de bonificación do 50% das taxas municipais e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 7 abril do 2017, Dna. NOELIA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ presentou unha solicitude para a bonificación do 50% das taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro

Segundo: emítase informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca do cumprimento dos requisitos establecidos para ser beneficiario da bonificación nas taxas

Lexislación aplicable:

Ordenanza Municipal publicada no Boletín Oficial de Pontevedra o 29 de decembro do 2000

Informe- proposta de resolución:

Conceder a bonificación das taxas municipais por cumprir con todos os requisitos fixados na ordenanza municipal.

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta nos termos en que foi redactada.

### **PUNTO 8.- EXPEDIENTE 1325/2017.- BONIFICACIÓN DE TASA AUGA POR FAMILIAR NUMEROSA**

---

#### PROPOSTA DE CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DE AUGA POR CONDICIÓN DE FAMILIA NUMEROSA

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

RE n.º 3675 de data 21 de xuño de 2017, instancia presentada por D/Dª MARIA LUISA FERREIRA VERDE con DNI 35 564 630Y e domicilio en R/ Cal, 31 baixo, 36780 A Guarda  
Asunto: Solicitude de bonificación na ctoa da taxa de auga do inmovible situado en R/ Cal, 31 baixo por ter a condición de familia numerosa.

Vista a instancia presentada por D/Dª MARIA LUISA FERREIRA VERDE, examinada a documentación aportada e tendo en conta que:

A ordenanza fiscal reguladora dos servizos de distribución de auga no seu artigo 7 apartado B).1 regula que: “ os suxeitos pasivos que gocen de condición de familia numerosa de calquera categoría, terán dereito a unha bonificación que consistirá en aplicarlles ós m<sup>3</sup> de exceso ( se os houberse) a tarifa reducida aplicable ós m<sup>3</sup> considerados de consumo mínimo”. Así mesmo, o mesmo artigo no seu apartado 2 establece que “As solicitudes de bonificación deberán aportar en todo caso:

- libro familia
- presentación do título oficial certificativo da condición de familia numerosa



## Concello A Guarda

---

- fotocopia do DNI

E no artigo 3 pon de manifesto que “a bonificación afectará á vivenda habitual do suxeito pasivo e extenderá os seus efectos por periodos dun ano, transcorrido o cal, o interesado renovará a súa solicitude, debendo acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos de conformidade co disposto no apartado 2 deste artigo.

Os suxeitos pasivos que gocen de esta bonificación, terán a obriga de presentar declaración de variación de calquera dos requisitos que ocasionaron a súa concesión, sen prexuízo das revisións que ó efecto se leven a cabo polo concello.

Tanto as solicitudes da bonificación, como as comunicacións de variación de calquera dos requisitos que ocasionaron a súa concesión, surtirán efectos:

- no trimestre seguinte: en caso de entrada no rexistro na primeira metade do trimestre natural.
- no segundo trimestre posterior: en caso de entrada no rexistro na segunda metade do trimestre natural.

Por outro lado a mesma ordenanza identifica como suxeito pasivo da Taxa “as persoas físicas e xurídicas que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario”.

O solicitante aporta os documentos esixidos no apartado 2 da ordenanza para beneficiarse da bonificación arriba descrita na taxa de auga.

Por todo o exposto:

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN/INFORME:**

**PRIMEIRO:** FAVORABLEMENTE á solicitude de bonificación por familia numerosa na taxa de auga do recibo do inmovible Cal, 31, baixo (número de aboado 712288) para o 4º trimestre do 2017.

**SEGUNDO:** informar o solicitante que a dita bonificación terá efectos ata o 3º trimestre do 2018, incluído, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta nos termos en que foi redactada.

### **PUNTO 9.- EXPEDIENTE 1327/2017.- BONIFICACIÓN DE TASAS MUNICIPAIS**

---

**PROPOSTA DE CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DO 50% DAS TAXAS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIRO**

**SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA**

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de bonificación do 50% das taxas municipais e á



## Concello A Guarda

---

vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución Antecedentes:

Primeiro: Con data 21 xuño do 2017, Dna. MARIA LUISA FERREIRA VERDE presentou unha solicitude para a bonificación do 50% das taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro  
Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca do cumprimento dos requisitos establecidos para ser beneficiario da bonificación nas taxas

Lexislación aplicable:

Ordenanza Municipal publicada no Boletín Oficial de Pontevedra o 29 de decembro do 2000  
Informe- proposta de resolución:

Conceder a bonificación das taxas municipais por cumprir con todos os requisitos fixados na ordenanza municipal.

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta nos termos nos que foi redactada.

### **PUNTO 10.- EXPEDIENTE 417/2017.- BONIFICACIÓN DE TAXAS MUNICIPAIS**

PROPOSTA DE CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DO 50% DAS TAXAS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIRO

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de bonificación do 50% das taxas municipais e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución Antecedentes:

Primeiro: Con data 30 marzo do 2017, Dna. ELVIRA CIVIDANES MARTÍNEZ presentou unha solicitude para a bonificación do 50% das taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro  
Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca do cumprimento dos requisitos establecidos para ser beneficiario da bonificación nas taxas

Lexislación aplicable:

Ordenanza Municipal publicada no Boletín Oficial de Pontevedra o 29 de decembro do 2000  
Informe- proposta de resolución:

Conceder a bonificación das taxas municipais por cumprir con todos os requisitos fixados na ordenanza municipal.

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta nos termos nos que foi redactada.

### **PUNTO 11.- EXPEDIENTE 1076/2017.- BONIFICACIÓN DE TAXAS MUNICIPAIS**



## Concello A Guarda

---

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de bonificación de auga por condición de familia numerosa e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 24 de maio do 2017, D. JOAQUIN ALONSO RODRÍGUEZ presentou unha solicitude para a bonificación de auga por condición de familia numerosa  
Segundo: emítase informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca do cumprimento dos requisitos establecidos para ser beneficiario da bonificación nas taxas

Lexislación aplicable:

Ordenanza Municipal publicada no Boletín Oficial de Pontevedra o 29 de decembro do 2000  
Informe- proposta de resolución:

PRIMEIRO: FAVORABLEMENTE á solicitude de bonificación por familia numerosa na taxa de auga do recibo do inmovible r/ bouzó, 16, 1º A( número de aboado 363369) para o 4º trimestre do 2017.

SEGUNDO: informar o solicitante que a dita bonificación terá efectos ata o 3º trimestre 2018, incluído, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta nos termos en que foi redactada.

### **PUNTO 12.- EXPEDIENTE 1328/2017.- BONIFICACIÓN TASAS MUNICIPAIS.**

---

PROPOSTA DE DENEGACIÓN DA BONIFICACIÓN DO 50% DAS TAXAS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIRO

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de bonificación do 50% das taxas municipais e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 21 xuño do 2017, Dna. MARIA LUISA RODRÍGUEZ PEIXOTO presentou unha solicitude para a bonificación do 50% das taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro  
Segundo: emítase informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca do cumprimento dos requisitos establecidos para ser beneficiario da bonificación nas taxas

Lexislación aplicable: Ordenanza Municipal publicada no Boletín Oficial de Pontevedra o 29 de decembro do 2000

Informe- proposta de resolución:





## Concello A Guarda

---

Denegar a bonificación das taxas municipais por NON cumprir con todos os requisitos fixados na ordenanza municipal.

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta nos termos en que foi redatada

### **PUNTO 13.- EXPEDIENTE 695/2017. BONIFICACIÓN TASAS MUNICIPAIS**

---

PROPOSTA DE CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DO 50% DAS TAXAS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIRO

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de bonificación do 50% das taxas municipais e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución  
Antecedentes:

Primeiro: Con data 24 abril do 2017, Dna. MARÍA LUISA CADILLA CIVIDANES presentou unha solicitude para a bonificación do 50% das taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro  
Segundo: emítase informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca do cumprimento dos requisitos establecidos para ser beneficiario da bonificación nas taxas

Lexislación aplicable:

Ordenanza Municipal publicada no Boletín Oficial de Pontevedra o 29 de decembro do 2000  
Informe- proposta de resolución:

Conceder a bonificación das taxas municipais por cumprir con todos os requisitos fixados na ordenanza municipal.

A Xunta de Goberno, pola unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta nos termos que quedou redatada.

### **PUNTO 14.- EXPEDIENTE 618/2017.- PRESTACIÓN DI SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO.**

---

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución  
Antecedentes:

Primeiro: Con data 18 abril del 2017, Dna. Aida Avelina Cadilla Rodríguez presentou unha solicitude para a prestación do Servizo de axuda no fogar.

Segundo: emítase informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca da valoración da situación de necesidade do/a solicitante.



## Concello A Guarda

---

Lexislación aplicable:

Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de A Guarda publicada o 24 de abril de 2014.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a Aida Avelina Cadilla Rodríguez con carácter urxente.

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta nos termos en que foi redatada.

### **PUNTO 15.- EXPEDIENTE 1362/2017.- BAIXA MARIA TERESA SANMARTIN TORRES NO POSTO Nº 7 DO MERCADILLO DA GUARDA**

---

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vista a instancia presentada por dona María Teresa Sanmartín Torres, pola que solicita a baixa no posto núm. 7 do mercadillo da Guarda.

Por todo isto propónse á Xunta de Goberno:

**PRIMEIRO:** Acceder ao solicitado e comunicar ao departamento de Tesourería para o seu coñecemento.

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta nos termos en que foi redatada.

### **PUNTO 16.- EXPEDIENTE 741/2017.- EVENTOS EN SAN BENITO DE ESPECIAL PROYECCIÓN CULTURAL**

---

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

CORRECCIÓN DE ERROS

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local ordinaria do día 2 de maio de 2017, en relación ó "PUNTO 5.- AUTORIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DE EVENTOS", obsérvase un erro de transcripción no ANEXO I a dito punto, e así onde di "22 DE AGOSTO A PARTIR DAS 20:30h. - X FESTIVAL DE BANDAS VILA DA GUARDA. Solicitado pola Agrupación Musical da Guarda con R.E: 325 e data 20/01/2017" debería dicir "19 DE AGOSTO A PARTIR DAS 20:30h. - X FESTIVAL DE BANDAS VILA DA GUARDA. Solicitado pola Agrupación Musical da Guarda con R.E: 325 e data 20/01/2017", tal e como figura na instancia oficial presentada polo interesado

Polo que propónse á Xunta de Goberno Local:

**PRIMEIRO.-** Modificar o citado acordo deixando constancia de que data de celebración do evento é o 19 DE AGOSTO A PARTIR DAS 20:30H.

**SEGUNDO.-** Dar traslado de dita resolución ós interesados: Hotel Convento de San Benito, Agrupación Musical da Guarda e Policía Local.



## Concello A Guarda

---

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### **PUNTO 17.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES.**

---

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguinte comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 433/2017.- D. ENRIQUE PORTELA FERNÁNDEZ, PARA ADAPTACIÓN DE ASEOS Á NORMATIVA VIXENTE DO LOCAL DENOMINADO "A CASILLA" SITO NA RÚA DE MANUEL ÁLVAREZ Nº. 14-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO PX.O.U.).

EXPEDIENTE: 19/2017.- D. JOSÉ MAURI GÓMEZ, PARA "REPARACIÓN E CONSERVACIÓN DE PISO, CONSISTENTE EN SUBSTITUIR ALICATADOS EN COCIÑA E BAÑOS, RENOVACIÓN DE FONTANERÍA, SANITARIOS, INSTALACIÓN ELÉCTRICA, CARPINTERIA INTERIOR DE MADEIRA E EXTERIOR DE ALUMINIO" SITO NA RÚA DE MALTESES Nº. 71, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO PX.O.U.).

EXPEDIENTE: 189/2017.- D. RICARDO GONZÁLEZ ÁLVAREZ, PARA "REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 100,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN COLOCAR TELLA MIXTA SOBRE URALITA" NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 3º TRANSVERSAL BECHOS Nº. 5, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "BECHOS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO PX.O.U.).

EXPEDIENTE: RC-1.543/2017.- MUNDO ALBARIÑO, S.L., PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL EXISTENTE DEDICADO A ACTIVIDADE DE COMERCIO MENOR DE PRODUCTOS ALIMENTICIOS E BEBIDAS (EPIG. 647.1) DENOMINADA "TERRA VERDE" PARA CAFÉ-BAR TENDA SITO NA RÚA DE O PORTO Nº. 57-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO PX.O.U.).

EXPEDIENTE: 7.228/2016.- D. MANUEL ELIAS DOMÍNGUEZ ALONSO, PARA REFORMA INTERIOR DE VIVENDA CONSISTENTE NUNHA NOVA DISTRIBUCIÓN DE TABIQUERÍA SITO NA PRAZA DE IGNACIO SOBRINO Nº. 9, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO PX.O.U.).

EXPEDIENTE: 8.024/2016.- RUBRAMIAN, S.L., PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ACTIVIDADE DE PERRUQUERÍA SITO NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 63-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO PX.O.U.).

EXPEDIENTE: 869/2017.- D<sup>a</sup>. JESUSA GONZÁLEZ VICENTE, PARA COLOCACIÓN DE RECERCADOS DE GRANITO NAS FIESTRAS E FAIXAS NAS FACHADAS, ASI COMO SANEADO DAS CANELETAS INTERIORES DO CERRAMENTO, E INSTALACIÓNS DE FONTANERÍA, ELECTRICIDADE E CARPINTERÍA DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE



## Concello A Guarda

---

VICENTA RODRÍGUEZ CACHADA Nº. 14, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO PX.O.U.).

EXPEDIENTE: RC-1051/2017.- D. JOSÉ COELLO VICENTE, PARA REPARACIÓN DA COCIÑA CONSISTENTE EN: SUBSTITUIR ALICATADOS DE PAREDES, PAVIMENTO DE PISO E CAMBIAR INSTALACIÓNS DE ELECTRICIDADE E FONTANERÍA, NA VIVENDA SITA EN RÚA ROSALÍA DE CASTRO, Nº 1-4ºD, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº 1 DO PX.O.U.).

EXPEDIENTE: RC-1640/2017.- D<sup>a</sup> ISABEL MARTÍNEZ VICENTE, PARA AMPLIACIÓN DE PORTAL EXISTENTE NO BAIXO DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE LUGO Nº. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO PX.O.U.).

EXPEDIENTE: 7.139/2016.- D<sup>a</sup>. CARMEN MARÍA ALONSO PÉREZ, PARA REFORMAS VARIAS PARA ACONDICIONAMENTO INTERIOR DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE MALTESES Nº. 56, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO PX.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.468/2016.- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. MANUELA GÓMEZ ALONSO, PARA REPARACIÓN DA CUBERTA E LAVADO E ENCINTADO PAREDE EXTERIOR DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE CORUTO VELLO Nº. 56, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO PX.O.U.).

EXPEDIENTE: 342/2017.- D<sup>a</sup>. JOSEFINA ADROVER SANTIAGO, PARA LUCIDO DO ESTUDIO BAIXO CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 50,00 M<sup>2</sup>. DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE FRANCISCO LOMBA TRIGO Nº. 5, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO PX.O.U.).

EXPEDIENTE: RC-1.639/2017.- D<sup>a</sup>. NOEMI LOZANO CERQUEIRA, PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ACTIVIDADE DE COMERCIO POLO MUIDO PRENDAS PARA VESTIDO E TOCADO, SITO NA PRAZA DO RELÓ Nº. 5-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO PX.O.U.).

EXPEDIENTE: 504/2017.- D<sup>a</sup>. EVA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, PARA CONEXIÓN A REDE XERAL DE SUMIDOIROS A EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE VICENTE SOBRINO Nº. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO PX.O.U.).

EXPEDIENTE: 577/2016.- D<sup>a</sup>. RITA CIVIDANES GONZÁLEZ, PARA LEGALIZACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN E PECHE DA PARCELA Nº. 169 DO POLÍGONO Nº. 10, SITO NO LUGAR DE A CASTIÑEIRA, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O CASTRO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO PX.O.U.).

EXPEDIENTE: 554/2017.- D. AGUSTIN FERREIRA LORENZO, PARA REPARAR O CABANÓN CONSISTENTE EN SUBSTITUIR O TELLADO A



## Concello A Guarda

---

BASE DE PANEL POLIESTIRENO EXTRUIDO IMITACIÓN TELLA NUNHA SUPERFICIE DE 40,00 M<sup>2</sup>., LEVANTAR PAREDES CON BLOQUE SPLIT E REPARAR O CHAN EXTERIOR E INTERIOR SITO NA RÚA DE CALVARIO Nº. 44-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO PX.O.U.).

### **PUNTO 18.- INSTANCIAS DE URBANISMO**

---

Dase conta do escrito RC-3663 de data 20 de xuño de 2017, presentado por D. JOSÉ COELLO VICENTE, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Marouco, nº 6 de A Guarda, aportando comunicacións do Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación de Pontevedra polos cales se designa novo Director de Execución Material e Coordinador de Seguridade e Saúde da obra de construción de vivenda unifamiliar (Parcela 6) sita na rúa de Carretera de Camposancos.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

### **PUNTO 19.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS.**

---

Dase conta á Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas de obras de adaptación de locais:

EXPEDIENTE: 510/2017.- D<sup>a</sup>. ALICIA CASTRO RODRÍGUEZ, PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL COMERCIAL DESTINADO A CLÍNICA PODOLÓGICA SITA NA RÚA DE TOMIÑO Nº. 4-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO PX.O.U.).

### **PUNTO 20.- OBRAS MAIORES**

---

#### **EXPEDIENTE NÚMERO: 255/2017.**

Examinado o proxecto técnico presentado con data 16-03-2017 (R.E. nº. RC-1.541), por D. **CARLOS FERNÁNDEZ PÉREZ** con D.N.I. nº. 76.898.143-N e con domicilio na rúa de Baixada á Praia do Muiño, s/n. de A Guarda-C.P. 36788, para “REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR” desenvolvida en (planta soto, planta baixa, planta primeira e planta de baixo cuberta) sita na rúa de San Caetano nº. 6, en Solo Urbano (Ordenanza nº. 1 do PX.O.U.), segundo proxecto técnico básico e execución subscrito polo arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez.

#### **PRIMEIRO.-**

1.1.- Visto o informe técnico subscrito polo arquitecto técnico municipal D. Hermelindo Martínez González de data 07-04-2017, considérase **favorable** ó outorgamento da excepcionalidade solicitada ó cumprimento dos apartados, I.A.1, I.A.2, I.A.3 do anexo I do Decreto 29/2010 de Habitabilidade de Vivendas de Galicia.



## Concello A Guarda

---

1.2.- Visto o informe técnico suscrito polo arquitecto técnico municipal D. Hermelindo Martínez González de data 07-04-2017, considérase **favorable** o proxecto para rehabilitación de vivenda unifamiliar.

### SEGUNDO.-

2.1.- Conta co informe xurídico suscrito polo asesor D. Carlos Potel Alvarellos, non observando na solicitude ningún inconveniente para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente** e formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

**1º.- Concede-la** autorización de excepcionalidade no cumprimento das normas de habitabilidade do anexo I do Decreto 29/2010 que se relacionan no informe do Arquitecto técnico municipal de 07-04-2017, as cales deben indicarse expresamente na autorización que se conceda a favor de D. CARLOS FERNÁNDEZ PÉREZ na rúa San Caetano nº. 6. **Dita autorización debe ser notificada o IGVS en Pontevedra ós efectos no previsto no artigo 17 do devandito Decreto.**

**2º. Concede-la** licenza municipal de obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar sita na rúa San Caetano nº. 6, a favor de D. CARLOS FERNÁNDEZ PÉREZ, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, debendo consignar o texto da licenza todo-os extremos relacionados no artigo 357.4 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que aprobouse o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e unha vez concedida deberán sellarse e dilixenciarse os distintos documentos e os planos do proxecto..con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse o interesado.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

**CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. CARLOS FERNÁNDEZ PÉREZ**, licenza para “REHABILIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR” sita na rúa de San Caetano nº. 6, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas nos informes técnicos e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.

Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.



## Concello A Guarda

---

Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.

Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

### **TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:**

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

### **EXPEDIENTE NÚMERO: 1.147/2017.**

Examinado o proxecto técnico presentado con data 22-05-2017 (R.E. nº. RC-2.962), por **D. SERAFIN DOMÍNGUEZ SANTOMÉ** con D.N.I. nº. 36.054.111-R e con domicilio na rúa de Camelias nº. 23-2º de Vigo-C.P. 36202, para construción de "VIVENDA UNIFAMILAIR" Irmáns Noia Xil esquina rúa de Rosal, s/n., en Solo Urbano (Ordenanza Nº. 4 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico básico subscrito polo arquitecto D. Xabier Pousa Arbones.

### **PRIMEIRO.-**

1.1.- Visto o informe técnico subscrito polo arquitecto técnico municipal D. Hermelindo Martínez González de data 07-06-2017 considérase **favorable**, conforme ó sólido definido no proxecto modificado de básico e execución presentado con data de visado do 16-05-2017.

1.2.- Para os efectos do establecido no artigo 357.4 do regulamento da Lei 2/2016 de Solo de Galicia, a resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- Clase de solo: Solo Urbano Consolidado.
- Finalidade da actuación: Construción de Vivenda Unifamiliar illada.
- Altura: Soto, Planta baixa e planta primeira.  
Sup. Construída total: 286,11 m<sup>2</sup>.  
Ocupación de parcela: 138,90 m<sup>2</sup>.
- Orzamento de Execución Material: 148.739,50 €.
- Ref. Catastral: 36023A016001060000UM.  
Non consta inscrición no rexistro.
- Promotor: D.Serafín Domínguez Santomé.



## Concello A Guarda

---

- Técnico redactor: D. Xavier Pousa Arbones.  
Dirección das obras: D. Xavier Pousa Arbones.  
Dirección da execución da obras: Dna. Roberta González Giráldez.  
Coordinación de seguridade e saúde: Dna. Roberta González Giráldez.

Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

5.3.- Establécese un aval para garantir a urbanización do solo de cesión para a ampliación de viais nunha superficie de 71,35 m<sup>2</sup> por unha cantidade de 3.025,00 €. (Tres mil vinte e cinco euros).

### SEGUNDO.-

2.1.-Visto o informe xurídico subscrito polo asesor D. Carlos Potel Alvarellos, non observando na solicitude ningún inconveniente para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente** e formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

**1º. Concede-la** licenza municipal de obras aprobando o modificado de proxecto básico e de execución visado o 16-5-17 para construción de vivenda unifamiliar sita na rúa de Irmáns Noia Xil esquina rúa de Rosal a favor de D. Serafin Domínguez Santomé, impondo os condicionantes establecidos no informe técnico, isto é, establécese un aval para garantir as obras de urbanización do solo de cesión por importe de 3.025,00 €, e o informe xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse os interesados. Debe consignar o texto da licenza todo-os extremos relacionados no artigo 357.4 do DECRETO 143/2016, de 22 de setembro, polo que aprobouse o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e unha vez concedida deberán sellarse e dilixenciarse os distintos documentos e os planos do proxecto. **Deberá notificarse o acordo de concesión de licenza cos recursos procedentes a persoa denunciante da ocupación do dominio público da primeira licenza.**

**2º.-** Como consecuencia do anterior debe terse por renunciado a D. Serafin Domínguez da licenza de obras de data 21-3-2017 nº. 6/2017, notificando tamén esta parte do acordo ó mesmo e á denunciante.\_

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

**CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. SERAFIN DOMÍNGUEZ SANTOMÉ**, licenza para construción de "VIVENDA UNIFAMILIAR" sita na rúa de Irmáns Noia Xil esquina rúa de Rosal, s/n., de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas nos informes técnicos e xurídicos.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).





## Concello A Guarda

---

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

### **TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:**

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

### **EXPEDIENTE NÚMERO: 819/2017.**

Examinado o proxecto técnico presentado con data 25-04-2017 (R.E. nº. RC-2.388), pola **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS ENRIQUE MARÍA SESTO, 5** con C.I.F. nº. H-94.151.099 representado por D. GUILLERMO GARCIA IGLESIAS con D.N.I. nº. 32.123.584-J e con domicilio na rúa de Enrique María Sesto nº. 5-2º D de A Guarda-C.P. 36780, para "INSTALACIÓN DUN ASCENSOR EN EDIFICIO DE VIVENDAS" desenvolvido en (planta baixa, planta primeira, planta segunda, planta terceira e planta de baixo cuberta) sito na rúa de Enrique María Sesto nº. 5, en Solo Urbano (Ordenanza nº. 1 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico básico e execución subscrito pola arquitecta D<sup>a</sup>. Carolina Couselo Fariña.

### **PRIMEIRO.-**

1.1.- Visto o informe técnico subscrito polo arquitecto técnico municipal D. Hermelindo Martínez González de data 11-05-2017, considérase **favorable** ó outorgamento da excepcionalidade solicitada ó cumprimento do Decreto 29/2010 de Habitabilidade de Vivendas de Galicia.

1.2.- Visto o informe técnico subscrito polo arquitecto técnico municipal D. Hermelindo Martínez González de data 11-05-2017, considérase **favorable** o proxecto técnico básico e execución para instalación de ascensor en edificio de vivendas.

### **SEGUNDO.-**

2.1.- Conta co informe xurídico subscrito polo asesor D. Carlos Potel Alvarellos, non



## Concello A Guarda

---

observando na solicitude ningún inconvincente para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente** e formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

**1º.- Concede-la** autorización de excepcionalidade no cumprimento das normas de habitabilidade do anexo I do Decreto 29/2010 que se relacionan no informe do Arquitecto técnico municipal de 11-05-2017, as cales deben indicarse expresamente na autorización que se conceda a favor da Comunidade de Propietarios da rúa Enrique María Sesto nº. 5. **Dita autorización debe ser notificada o IGVS en Pontevedra ós efectos no previsto no artigo 17 do devandito Decreto.**

**2º. Concede-la** licenza municipal de obras de instalación de ascensor en edificio sito na rúa Enrique María Sesto nº. 5, a favor da Comunidade de Propietarios da rúa Enrique María Sesto nº. 5, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, debendo consignar o texto da licenza todo-os extremos relacionados no artigo 357.4 do DECRETO 143/2016, de 22 de setembro, polo que aprobábase o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e unha vez concedida deberán sellarse e dilixenciarse os distintos documentos e os planos do proxecto.. con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse os interesados.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

**CONCEDER,** salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS ENRIQUE MARÍA SESTO, 5,** licenza para “INSTALACIÓN DUN ASCENSOR EN EDIFICIO DE VIVENDAS” sito na rúa de Enrique María Sesto nº. 5, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas nos informes técnicos e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses

dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.

Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.

Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.

Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

### **TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:**

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente



## Concello A Guarda

---

Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

### **PUNTO 21.- COMUNICACIÓN PREVIA DE LICENZAS DE APERTURA**

Dase conta á Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas de licenzas de apertura:

Exp. Nº 2.329/2017 de data 21.04.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D. ESTEBAN MANUEL FERREIRA CONDE, con enderezo na Rúa Diego Antonio González, n.º 29 da Guarda, para inicio de actividade de FORXA, ESTAMPADO, EMBUTICIÓN, TROQUELADO (Epig. 312.1) no local sito na rúa República Dominicana, n.º 56-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 11 de maio de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D. ESTEBAN MANUEL FERREIRA CONDE licencia municipal nº 8/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de FORXA, ESTAMPADO, EMBUTICIÓN, TROQUELADO (Epíg. 312.1) no local sito na rúa República Dominicana, nº 56-baixo da Guarda.

Exp. Nº 735/2017 de data 07.02.2017.-

Vista a comunicación previa feita por DNA. VICTORIA EUGENIA FERNÁNDEZ ORTEGA, con enderezo na Rúa Transv. Troncoso, n.º 9-baixo da Guarda, para inicio de actividade de OUTRAS ACTIVIDADES DE ENSINANZA (Epig. 933.9) no local sito na rúa Transv. Troncoso, n.º 9-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 9 de maio de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D<sup>a</sup>. VICTORIA EUGENIA FERNÁNDEZ ORTEGA licencia municipal nº 9/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de OUTRAS ACTIVIDADES DE ENSINANZA (Epíg. 933.9) no local sito na rúa Transv. Troncoso, nº 9-baixo da Guarda.

Exp. Nº 2.464/2017 de data 28.04.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D. ARIDANI ANCOR SANTANA GARCÍA, con enderezo na Rúa Torrón, n.º 32A de Tomiño, para inicio de actividade de CAFÉ-BAR (Epig. 673.2) no local sito na rúa Manuel Alvarez, n.º 14-baixo da Guarda, e visto o informe



## Concello A Guarda

---

favorable de data 30 de maio de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D. ARIDANI ANCOR SANTANA GARCÍA licencia municipal nº 10/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de CAFÉ BAR (Epíg. 673.2) no local sito na rúa Manuel Álvarez, nº 14-baixo da Guarda.

### Exp. Nº 2.858/2014 de data 26.05.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D. JAVIER DEL AMO FONTÁN, en representación de CLUB DE TENIS CODESAL, con enderezo na Rúa Pasaxe, s/n de A Guarda, para inicio de actividade de PRACTICA DEPORTIVA E ACTIVIDADES DE OCIO no local sito na rúa Pasaxe, s/n da Guarda, e visto o informe favorable de data 28 de abril de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a CLUB DE TENIS CODESAL licencia municipal nº 11/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de PRÁCTICA DEPORTIVA E ACTIVIDADES DE OCIO no local sito na rúa Pasaxe, s/n da Guarda.

### Exp. Nº 3.322/2017 de data 05.06.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D<sup>a</sup>. NOEMÍ LOZANO CERQUEIRA, con enderezo na Praza do Reló, n.º 7-baixo de A Guarda, para inicio de actividade de COMERCIO MENOR DE PRENDAS DE VESTIR E TOCADO (Epíg. 651.2) no local sito na Praza do Reló, n.º 7-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 12 de xuño de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D<sup>a</sup>. NOEMÍ LOZANO CERQUEIRA licencia municipal nº 12/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE PRENDAS DE VESTIR E TOCADO (Epíg. 651.2) no local sito na Praza do Reló, nº 7-baixo da Guarda.

### Exp. Nº 2.588/2017 de data 05.05.2017.-

Vista a comunicación previa feita por MUNDO ALBARIÑO, S.L. con enderezo na Rúa Cotro, n.º 17 de O Rosal, para inicio de actividade de CAFÉ-BAR (Epíg. 673.2) no local sito na rúa do Porto, n.º 57-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 1 de xuño de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a MUNDO ALBARIÑO, S.L. licencia municipal nº 13/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de CAFÉ BAR (Epíg. 673.2) no local sito na rúa do Porto, nº 57-baixo da Guarda.

### Exp. Nº 2.182/2017 de data 17.04.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D. ASER FERREIRA RODRÍGUEZ, con enderezo na Rúa Calvario, n.º 44-baixo de A Guarda, para inicio de actividade de ASISTENCIA E SERVIZOS DEMINUIDOS NON RESIDENCIAIS (Epíg. 952.1) no local sito na rúa Calvario, n.º 44-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 30 de maio de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:



## Concello A Guarda

---

Conceder a D. ASER FERREIRA RODRÍGUEZ licencia municipal nº 14/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de ASISTENCIA E SERVIZOS DEMINUIDOS NON RESIDENCIAIS (Epig. 952.1) no local sito na rúa Calvario, n.º 44-baixo da Guarda.

### **PUNTO 22.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZAS DE APERTURA**

---

Dase conta á Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas de cambio de titularidade de actividade:

EXPEDIENTE: 973/2017 (RC-2.114 DE 11.04.2017). MUNDO ALVARIÑO, S.L. DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE COMERCIO MENOR DE PRODUTOS ALIMENTICIOS E BEBIDAS [EPIG. 647.1] A REALIZAR NA RÚA DO PORTO Nº 57-BAIXO, QUE ANTES FIGURABA A NOME DE D<sup>a</sup>. MARIA FERNANDA DIEGO MEIRA.

EXPEDIENTE: 876/2017 (RC-2.478 DE 28.04.2017). NATALIA OTERO PUERTAS, DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE SERVIZO DE PERRUQUERÍA DONAS E CABALEIROS [EPIG. 972.1] A REALIZAR NA RÚA DE CORUTO VELLO, Nº 1-BAIXO, QUE ANTES FIGURABA A NOME DE D<sup>a</sup>. MARIA ELENA GÓMEZ ALONSO.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Predidente da por rematada a sesión ás 10:15 horas do día da data, do que eu como Secretario, dou fe.